



Novembro 2014

Corrupción ambiental en Pontevedra



Antonio Casal
(Director de ENCE)

DESTAPAMOS A TRAMA ENTRE ENCE E A XUNTA DE GALICIA

Hai xa moitos anos que na ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA (APDR) vimos denunciando a existencia dunha relación de convivencia entre as direccións de ENCE e ELNOSA e as distintas administracións, unha situación que –entre outras cousas- ten permitido que estas dúas empresas incumpran sistematicamente a lexislación ambiental de aplicación e a concesión de forma irregular das correspondentes Autorizacións Ambientais Integradas (AAI), feitas “a carta” e contrarias ao establecido na Lei 16/2002 que regula a súa concesión e ao Real Decreto 509/2007 que desenvolve a citada Lei.

A aplicación do acordo de supramunicipalidade da Xunta de Fraga para pasar por riba das competencias urbanísticas do Concello de Pontevedra, ou a fixación de niveis de contaminación superiores aos permitidos pola lexislación, son só uns exemplos desta irregularidade.

Pois ben, podemos afirmar agora que esta tolerancia na transgresión da normativa viuse amparada pola existencia dunha verdadeira “trama familiar” que pon en evidencia aos distintos gobernos autonómicos, desde a Xunta de Fraga á de Feijoo pasando polo goberno bipartito que, como é sabido, foi quen concedeu as AAI que nos ocupan no ano 2008. Hoxe sabemos que o director de ENCE-Pontevedra, Antonio Casal Lago, está casado con M^a José Echevarría Moreno, actualmente Subdirectora Xeral de Coordinación Ambiental da Xunta de Galicia e con anterioridade (desde o 2002 ao 2009) Subdirectora Xeral de Calidade Ambiental; e todo indica que, ademais, debe ser irmá da responsábel industrial da fábrica de ELNOSA, Amaya Echevarría Moreno.


E chegados a este punto, convén saber que entre as funcións asignadas pola

Xunta de Galicia á Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental, hai varias que afectan de forma mais que evidente ao control da actividade das empresas potencialmente contaminantes, entre as que –por suposto- se atopan tanto ENCE como ELNOSA. En efecto, a realización de actividades encamiñadas ao cumprimento da normativa ambiental, o seguimento dos riscos e

da persoa que se ocupa destas funcións. Neste sentido, a ausencia de expedientes abertos pola administración da Xunta a estas empresas a pesar das numerosas denuncias interpostas contra elas por moi diversas cuestións medioambientais, só se pode entender pola relación familiar que vimos de denunciar.

desta participación da Subdirectora Xeral nestes asuntos.

E, para pechar o círculo da trama, debemos indicar que a actual Subdirectora Xeral de Coordinación Ambiental da Xunta de Galicia, accedeu ao seu primeiro cargo na Consellería de Medio Ambiente da man do daquela Conselleiro, Carlos del



responsabilidades ambientais, o seguimento e a inspección ambiental e a tramitación dos expedientes sancionadores ás empresas contaminantes, son aspectos que teñen moito que ver co complexo industrial de Lourizán, un complexo industrial cunha historia de incumprimentos suficientemente longa como para ocupar boa parte do tempo de traballo

Pero é que, ademais, temos probas de que M^a José Echevarría ten participado na tramitación das AAI de ENCE e de ELNOSA, tramitadas respectivamente polo seu marido e pola súa irmán, como as temos de que ten participado na tramitación da solicitude da central de biomasa de ENCE. Abonda con ver algúns dos documentos probatorios

Álamo, que en canto deixou o seu cargo público pasou a formar parte da nómina de ENCE como membro do seu “Consejo de Administración”, unha práctica á que –por desgraza- téñennos acostumbrados/as moitos cargos públicos e que se ven utilizando desde as direccións das empresas como forma de pago aos servizos prestados pola administración.

As portas giratórias, ENCE e o PP

Escutarmos a expressom portas giratórias aplicada às amizades perigosas entre cargos políticos e grandes empresas convertiu-se em algo habitual nos meios de comunicação e entre a opinião pública, especialmente durante estes anos de crise económica, social e política onde a corrupção política-empresarial se convertiu num dos principais motivos de indignação social.

Com ela identifica-se o excelente trato recebido por importantes políticos por parte das empresas que, de umha forma ou outra, resultárom favorecidas polas decisons tomadas por aqueles. Um exemplo claro é o das empresas privatizadas que, passado um tempo, incorporam como conselheiros ou assessores os mesmos ex-políticos que mal vendérom o património público, premiando-os com salários escandalosos por nom se sabe bem que trabalho.

É claro que é de bem-nascidos ser agradecidos, e estas empresas som-no com quem as beneficiárom, e de que maneira...

Os exemplos som numerosíssimos, ainda que os mais conhecidos som os casos de Felipe González ou José María Aznar. O primeiro convertiu-se em “conselheiro” de Gas Natural por 126.500 euros anuais (em 1994 privatizara Enagas e vendera esta empresa a Gas Natural, casualmente) e o segundo é “assessor” de Endesa, empresa privatizada polo seu governo em 1998, cobrando 200.000 euros anuais.

De umha maneira mais ampla, as portas giratórias som indicativas das estreitas relações entre diferentes governos e grandes empresários. Entre as empresas e os principais partidos políticos. As pessoas do comum podemos votar


cada quatro anos e mesmo podemos protestar quando nom gostamos das decisons do governo de turno, mas as grandes empresas tenhem umha capacidade muito maior de influir e mesmo impor políticas gerais e decisons concretas que as favoreçam, ainda que estas prejudiquem à maioria da sociedade. A recente modificação da Lei de Costas com a que o PP quer beneficiar empresas como ENCE é o melhor exemplo disto.

Este fluido e contínuo passo da política à empresa privada e vice-versa leva a pensar onde está o limite entre um espaço e ou outro.

ENCE Energía y Celulosa nom é um caso aparte. A empresa que leva mais de cinco décadas contaminando a nossa Ria, destruindo empregos, impedindo o desenvolvimento de alternativas económicas sustentáveis e transformando Galiza num deserto verde, também conta no seu Conselho de Administração com destacadas e destacados políticos do PP que formárom parte de governos espanhóis e da Junta da Galiza.

A ex-ministra de Meio Ambiente Isabel Tocino (1996-2000) e o ex-conselheiro de Meio Ambiente Carlos del Álamo (1997-2003) som atualmente “conselheiros independentes” de ENCE. Cumpre lembrar que o processo de privatização de ENCE finalizou em 2001, com o PP no governo, e que tanto Tocino como Del Álamo estám relacionados com empresas e organismos vinculados a setores como a energia ou a consultoria e o controlo ambiental.

E é precisamente o PP, tam bem relacionado com ENCE, quem tem que decidir sobre a continuidade da pasteira em Louriçám.



Apesar da palavraria sobre a democracia e o poder do povo, sabemos bem que importantes decisons som tomadas em grandes despachos ou em reservados de luxosos restaurantes, antes que nos parlamentos ou nos conselhos de ministros.

Portas giratórias significam, em fim, corrupção legal ou ilegal e privilégios para umha elite de políticos e empresários que, conjuntamente, governam para favorecer os seus

interesses e em contra da maioria do povo e da natureza.

Nom podemos consentir que se riam de nós.

- Denunciaron á corrupción ambiental
- E que pasou?
- Concederonlle a autorización ambiental



ENCE REXEITA AS ACUSACIÓNS

Dende Ence réstase importancia aos lazos familiares de María José Echevarría Moreno e considérase que a APDR pretende confundir á opinión pública con mentiras "para afrontar a súa perda de popularidade". Segundo a empresa, a APDR intenta obter respaldo cidadán despois de que "o apoio nas rúas alcanzase mínimos históricos" denunciando estas relacións entre o director do Centro de Operacións de Ence en Pontevedra coa súa esposa, funcionaria de carreira do grupo A que "ocupou postos técnicos de primeiro nivel en todos os gobernos galegos, independentemente da súa cor política, nos últimos 19 anos".

A empresa pasteira indica que a esposa de Antonio Casal nunca tivo competencias para outorgar a autorización ambiental integrada. Apunta que a subdirección xeral encargada de tramitar as autorizacións é a Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, "á que ela nunca estivo adscrita". Segundo o comunicado emitido por ENCE, "as acusacións realizadas por APDR só poden ser consideradas como profundamente falsas e profundamente machistas". Ademais criticase a figura de Antón Masa ao que se acusa de optar "por buscar argumentos sibilinos construídos sobre a base da desinformación" e se engade que o feito de que APDR non queira xudicializar este asunto é unha



"proba clara" de que os líderes da organización só aspiran a "xerar ruído mediático pero que saben que as súas teses non se sosteñen".

Por último, Ence invita á APDR a que visite o seu Centro de Operacións de Pontevedra.

(Recollido de Anxo Lourido, Pontevedra Viva do 11 de setembro 2014)

Resposta da APDR ao director de ENCE-Pontevedra

Sr. Casal:

Temos lido as declaracións feitas hai uns días por Vde. a un medio de comunicación local e vémonos na obriga de poñer en cuestión moitas das súas afirmacións. Xira toda a entrevista ao redor do futuro de ENCE en Lourizán e, sinceramente, a demagogia asoma por todas partes; pretende Vde. en primeiro lugar, identificar os seus intereses particulares, os da fábrica que dirixe, co interese xeral da comarca de Pontevedra, algo que está ben lonxe da realidade; e todo para –máis unha vez– presionar á administración e chantaxear á poboación para forzar a prórroga da concesión, unha prórroga que –a todas luces e en base á desfeita ambiental, económica e social que provoca a presenza de ENCE no seu actual emprazamento– sería absolutamente inxustificábel e nefasta para a Ría e para a explotación dos recursos marisqueiros, pesqueiros, forestais e turísticos. E, para elo, non dubida en botar man dos tópicos de sempre: as bondades medioambientais de ENCE, a riqueza que xera na Ría e na Galiza, e mesmo a existencia de enquisas que referendan que se ten invertido a corrente de opinión na poboación da comarca, agora

maioritariamente favorábel á permanencia da fábrica na Ría. Supoñemos que esas “supostas enquisas” serán tan independentes como aquel Informe externo da KPMG que segundo Vde. confirmaba as bondades ambientais, económicas e sociais de ENCE na Ría e que no seu Anexo indicaba que “a responsabilidade sobre a veracidade dos datos” era exclusivamente de ENCE; sen comentarios Sr. Casal!

Mire Sr. Casal, ENCE-Pontevedra –contrariamente ao que Vde. afirma– nin é motor da economía da comarca nin é líder mundial na calidade dos vertidos á Ría; a fábrica que Vde. dirixe –por certo, condenada por delito ecolóxico continuado cando segundo Vdes. cumpría escrupulosamente a lexislación ambiental– incumpre hoxe boa parte da lexislación en materia de vertidos e mesmo –tal como confirma a Xunta de Galicia– está a utilizar a dilución dos vertidos para rebaixar a súa contaminación e adaptala ás esixencias da Autorización Ambiental Integrada (AAI), unha práctica ilegal que debería levar a apertura inmediata dun expediente sancionador por parte do Goberno galego. Pero non se preocupe Sr. Casal porque, ou moito mudan as cousas, ou nin a Xunta –que concedeu de forma irregular unha AAI feita á carta

para ENCE e tramitada coa participación da súa esposa Dña. M^a José Echevarría Moreno– nin o goberno central van impedir estas prácticas fraudulentas, e mesmo tratarán de atopar o xeito de prorrogar –en contra da lei, da lóxica e do desexo maioritario da poboación– a concesión da fábrica máis aló do 2018. En calquera caso, teña por seguro que a APDR seguirá a mobilizar á poboación para evitalo e para conseguir que, dunha vez por todas, se faga xustiza e Pontevedra poida recuperar a Ría para a explotación racional dos seus recursos, para que a recuperación da economía e a creación de postos de traballo sexa unha realidade, e para recuperar tamén a saúde e a calidade de vida que perdemos coa chegada a Lourizán do complexo CELULOSAS-ELNOSA. E teña por seguro tamén, que seguiremos a denunciar que todo indica que a única razón que impide a apertura de expedientes sancionadores a ENCE e a ELNOSA polo incumprimento da lexislación ambiental é a existencia dunha trama familiar entre as dúas empresas e o órgano administrativo encargado de facelo.

Reciba un saúdo,

De cómo mesturar churras con merinas: resposta a ENCE

Teño que recoñecer que aínda que esperaba, a resposta de ENCE á denuncia da existencia dunha trama político-familiar entre o complexo ENCE-ELNOSA e a Xunta de Galicia non deixa de sorprender. En efecto, ENCE -que recoñece abertamente a existencia das relacións familiares entre representantes destas dúas empresas e a actual Subdirectora Xeral de Coordinación Ambiental da Xunta de Galicia que vimos de destapar- atribúe a decisión da APDR de denunciar esta trama a unha suposta perda de apoio social da asociación que presido. Desde o meu estu- pio -e deixando de lado que sexa certa ou non esa baixada de apoio social que só observa ENCE- preguntome que ten que ver unha cousa con outra: APDR denuncia a situación no momento no que ten probas da existencia destas relacións e da participación de M^o José Echevarría Moreno na tramitación de distintos asuntos relacionados con ENCE e ELNOSA, entre outros algúns relacionados coa tramitación das respectivas Autorizacións Ambientais Integradas (AAI) e das súas renovacións, ben cando ocupaba o posto de Subdirectora Xeral de Calidade Ambiental, ben desde o seu actual posto. E demostrámolo con documentos asina- dos por ela. Non deixa de ser significativo, e debemos telo en conta, que quen a nomeou en 2002, o entón Conselleiro de Medio Ambiente Carlos del Álamo, sexa membro do Consello de Administración da empresa desde o ano seguinte á concesión da AAI. Pero para ENCE está situación -que admite se ven producindo desde hai 19 anos- non supón ningún problema nin ningunha irregularidade. Todo indica que para ENCE é normal que a Sra. Echevarría tramite desde a Xunta solicitudes cursadas polo seu partido como subdirector ou director de ENCE ou pola súa irmá como representante de ELNOSA. E mesmo atrevése a acusarnos de machismo por denunciar esta situación, unha acusación certamente desafortunada. Esquece, iso si, que a Subdirección que ocupa a Sra. Echevarría ten -entre outras- as funcións de tramitación de expedientes

Diario de Pontevedra agradece as cartas de seus lectores. Deben figurar o nome e a dirección de los remitentes, así como su DNI y un teléfono de contacto. La extensión debe sobrepasar las 20 líneas. Fijémonos en esa extensión de extensión y extractar su contenido y publicar a aquellas que considere oportuno. No se informará sobre las cartas que se reciben. Se pueden enviar por: ✉ CORREO POSITAL, Diario de Pontevedra, Lectores, C/ Lepanto 5, 36001 PONTEVEDRA ✉ CORREO ELECTRÓNICO: directoriario@diariodepontevedra.es

sancionadores por infraccións ambientais ou a inspección ambiental, aspectos todos eles moi relacionados coa actividade das dúas empresas que nos ocupan. Para nós, non é casual que se reñan concedido e renovado as AAI a ENCE e ELNOSA de forma irregular e mesmo ilegal, como non o é tampouco que a pesar das múltiples denuncias por vertidos ilegais ou por incumprimento da lexislación ambiental, non se teña aberto nunca ningún expediente sancionador contra as citadas empresas. Por poner un exemplo, a Xunta de Galicia sabe que ENCE está a utilizar as balsas de emerxencia para diluir a conta-

minación dos seus vertidos, unha práctica ilegal que debe implicar a apertura dun expediente sancionador; para cando a apertura deste expediente? Cando imos ver a sanción aos responsábeis? Moito nos tememos que nunca, e mesmo que este goberno, con evidentes intereses familiares no complexo ENCE-ELNOSA, será que de tramitar a prórroga da súa actividade industrial contaminante e ilegal no seu actual emprazamento. O constante desprezo pola legalidade da Xunta xa non sorprende a ningún. Non dubidamos da capacidade "técnica" da Sra. Echevarría Moreno e da súa longa traxectoria na administración en

postos de alto nivel. Entendemos, polo tanto, que ela mesma estará de acordo con nós en que está a vulnerar a legalidade ao intervir no trámite de expedientes nos que son parte interesada ENCE-ELNOSA. Pensamos que non lle temos que recordar algo tan básico como a Lei de xestión xurídico das Administracións Públicas que no seu artigo 28 determina a abstención de participar nos procedementos nos que se dean determinados supostos, supostos que concorren de cheo no caso da Sra. Echevarría. Lembra-lle tamén que a propia lei determina que a non abstención nas circunstancias que contempla a norma dará lugar ás responsabilidades pertinentes. A actuación reiterada por parte da Sra. Echevarría nos expedientes nos que ENCE-ELNOSA é parte interesada contradí o tan cacareado "respeto pola legalidade dos procedementos" por parte da Xunta de Galicia, polo que esiximos o cese inmediato da Sra. Echevarría e que se depuren as responsabilidades pertinentes. Antón Masa, Presidente da Asociación Pola Defensa da Ría

Viernes 19 Septiembre. San Desiderio, San Félix, San Jenaro, Santa Pomposa, San Teodoro.

HOY CUMPLEN

- 43 ► Alfonso Reyes exbaloncestista. 44 ► David Zepeda actor y cantante. 30 ► Kevin Zegers actor. 56 ► Jeremy Irons actor. 36 ► Michelle Alves modelo. 41 ► Cristiano da Matta piloto de automovilismo.

TAL DÍA COMO HOY

- 1783 ► Primer a experiencia de vuelo en globo realizado por los hermanos Montgolfier en Versalles. 1923 ► Un real decreto prohíbe el separatismo en España. 1935 ► El escándalo del estupro produce una crisis gubernamental en España. 1972 ► Se utiliza por primera vez la carta-bomba, nuevo procedimiento para asesinar a distancia.

HEMEROTECA

HACE 30 AÑOS

Avances positivos ante la huelga de fútbol

Continúan las reuniones entre las distintas partes implicadas en la huelga de los jugadores. Se ha visto la posibilidad de acercamiento entre las distintas posturas.

HACE 20 AÑOS


No habrá invasión de Haití

Estados Unidos y las autoridades civiles y militares haitianas han llegado a un acuerdo que evitará la invasión del país.

HACE 10 AÑOS

Carné obligatorio para los ambulantes en 2015


El Concello de Poio pondrá en marcha un nuevo carnet municipal obligatorio para los vendedores ambulantes que trabajen en los mercadillos.



1977 ► Pleno en la Deputación Provincial

En la sesión ordinaria del Pleno de la Deputación Provincial fueron estudiados y resueltos numerosos asuntos incluidos en el orden del día, entre los que merece ser destacada la medalla de oro y premio de 200.000 pesetas a la obra titulada "Mecanismo", de la que es autor Eduardo Laborda Gil, dentro del IV Bienal nacional de arte. De la misma manera, se aprobó un préstamo de cien millones de pesetas para expropiaciones de la Mancomunidad del Ulla, más de 59 millones de pesetas para la comarca de acción especial y 49 millones más para otras obras. C. GOMEZ

NÉGANSE A MARCHAR BOTÉMOLOS XA!



Disfruta más de los domingos con los suplementos que te ofrece DiariodePontevedra



Acto público

POR DIGNIDADE, IMPIDAMOS A PRÓRROGA A ENCE!

MARTES 11 DE NOVEMBRO | 20:30 HORAS | TEATRO PRINCIPAL (Pontevedra)

- Alba Nogueira, Profesora de Dereito Administrativo (USC)
- Vicente G. Legísima, Avogado

NON FALTES, O FUTURO ESTÁ NAS TÚAS MANS!

Temos novo local:

Praza da Ferreiría, nº 6-1º

Ven coñecelo!

www.apdr.info | apdr@apdr.info

Contacta con nós en:

Asociación Pola Defensa da Ría

Praza da Ferreiría, Nº 6-1º | Apdo. 414 - 36080 Pontevedra